

Aquiles, Obelix e Rueda

[Editorial](#) Nós Diario

23 de agosto de 2025

[Xoán Costa]

<https://www.nosdiario.gal/opinion/editorial/aquiles-obelix-rueda/20250823094523231864.html>

A historia da humanidade está tecida de mitos que explican, simbolizan ou cuestionan o poder. De Aquiles a Obelix, os relatos insisten en que non existe forza sen fragilidade. Aquiles foi mergullado no río Estixia para o facer inmortal, mais o calcañar quedou á intemperie. Obelix caiu na marmita do druída e gañou unha forza permanente, mais tamén unha prohibición: non volver beber a poción. Ambos condensan o paradoxo do liderado e mostran que a aparencia de invulnerabilidade depende sempre dun punto fraco.

Alfonso Rueda, presidente da Xunta e herdeiro político de Feixoo, ergue hoxe o seu liderado sobre unha panela xa feita: a continuidade dun poder consolidado. Mais ese mesmo capital pode ser tamén a súa condena se non logra mostrar respostas novas. E todo indica que non pode, ou non as está a ofrecer. A vaga de incendios que volve situar Galiza no mapa da emerxencia pon a proba a súa xestión, e a resposta dada semella repetir esquemas de anos pasados.

Rueda encarna un liderado que aparenta invulnerabilidade, mais en momentos críticos como estes revela zonas fráxiles. O lume é hoxe o seu punto fraco. En política, como na mitoloxía e na banda deseñada, non hai heroes invulnerábeis. Todo ten o seu calcañar. E na Galiza, cada verán, o monte arde para nos lembrar que o mito da invulnerabilidade non ten futuro.